

## Mesa Sectorial 11 de xuño de 2021

### CONCURSO OPOSICIÓN - OPE

#### NOVAS CONVOCATORIAS DE OPE

Na Mesa Sectorial pecháronse as bases das convocatorias de OPE das categorías de:

- Conductor/a
- Traballador/a social
- Costureiro/a, lavandeiro/a e pasador/a de ferro
- Técnico/a especialista, técnico/a de xestión e técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información.
- Diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área:
  - cirurxía oral e maxilofacial
  - cirurxía pediátrica
  - cirurxía plástica, estética e reparadora
  - inmunoloxía
  - oncoloxía radioterápica
- Calefactor/a, electricista, fontaneiro/a e mecánico/a

**CIG-Saúde** non está de acordo con estas convocatorias de OPE. Non recolleron ningunha das nosas alegacións:

- Negáronse á retirada da puntuación adicional polos servizos prestados durante a crise sanitaria da COVID-19
- Solicitamos que a puntuación adicional por prestación de servizos en centros illados se ampliase a todos os hospitais comarcais, e que se aplicara só nas categorías con indispoñibilidade de profesionais. A Administración négase a modificar este apartado indicando que é unha decisión estratéxica da Consellería.

No referente ás categorías de oficios nas que o requisito de acceso é *“Graduado/a en educación secundaria obrigatoria, técnico/a (formación profesional de grao medio) ou equivalente”*, é importante aclarar que o título de Graduado/a escolar considérase equivalente ao de Graduado/a en ESO aos efectos de cumprimento do requisito de acceso.

Estas convocatorias de OPE previsiblemente **publicaranse no DOG no mes de xullo** e a Administración comprometeuse a abrir un prazo amplo de presentación de solicitudes, tendo en conta o período estival.

#### RESOLUCIÓN DO CONCURSO ESPECÍFICO E OPE DE ESPECIALISTAS EN ENFERMARÍA PEDIÁTRICA

O luns 21 de xuño publicárase no DOG a resolución dos dous procesos (concurso específico e OPE) da categoría de enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica.

## DATAS EXAMES OPE 2021

Sábado, 18 de setembro de 2021	Domingo, 19 de setembro de 2021
FEA de Área de Alerxoloxía FEA de Área de Anatomía Patolóxica FEA de Anxioloxía e Cirurxía Vascular FEA de Cirurxía Cardiovascular FEA de Dermatoloxía Médico-Cirúrxica e Venereoloxía FEA de Endocrinoloxía e Nutrición FEA de Hematoloxía e Hemoterapia FEA de Medicina do Traballo FEA de Medicina Física e Rehabilitación FEA de Medicina Nuclear FEA de Neurocirurxía FEA de Neurofisioloxía Clínica FEA de Oncoloxía Médica FEA de Otorrinolaringoloxía FEA de Reumatoloxía FEA de Uroloxía FEA de Xeriatria Médico/a de Admisión e Documentación Clínica	FEA de Obstetricia e Xinecoloxía FEA de Psicoloxía Clínica Médico/a de Urgencias Hospitalarias Técnico/a superior en Radioterapia
Sábado, 25 de setembro de 2021	Domingo, 26 de setembro de 2021
FEA de Anestesioloxía e Reanimación FEA de Aparello Dixestivo FEA de Cardioloxía FEA de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía FEA de Farmacia Hospitalaria FEA de Medicina Preventiva e Saúde Pública FEA de Nefroloxía FEA de Neuroloxía FEA de Psiquiatría	FEA de Cirurxía Torácica FEA de Microbioloxía e Parasitoloxía FEA de Pediatría e as súas áreas específicas FEA de Radiofísica Hospitalaria Médico/a Asistencial do 061 Técnico/a superior en Anatomía Patolóxica e Citoloxía
Sábado, 2 de outubro de 2021	Domingo, 3 de outubro de 2021
FEA de Medicina Interna Técnico/a superior en Imaxe para o Diagnóstico	FEA de Análises Clínicas FEA de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo FEA de Medicina Intensiva FEA de Oftalmoloxía FEA de Pneumoloxía FEA de Radiodiagnóstico Técnico/a superior en Hixiene Bucodental
Sábado, 23 de outubro de 2021	Domingo, 24 de outubro de 2021
Técnico/a en Farmacia	Técnico/a superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico